

**BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES DA HOSTALERÍA,
COMERCIO E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS ANTE OS EFECTOS
ECONÓMICOS DA COVID-19.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A COVID-19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado e tamén no noso concello, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía e o tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e/ou privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e posteriormente mediante o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, trouxo consigo importantes restricións recollidas nas distintas normativas, tanto estatais como autonómicas, polas que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

Entre os sectores máis afectados, sen lugar a dúbidas, están o sector da hostalería e o do comercio, afectados pola redución de horarios de apertura e limitacións de aforo, así como polos peches temporais que viñeron impostos a un gran número de negocios; outros, aínda que abertos, viron minguada en gran parte a súa actividade.

O Concello de As Neves establece mediante esta proposta unha serie de axudas económicas financiadas co Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra para paliar, en parte, as perdas sufridas polos sectores económicos (hostalería, comercio, ou similares, sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos fixos realizados ou devindicados entre o 14 de marzo de 2020 ata o 15 de outubro de 2021.

A aprobación desta normativa dotará de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión que se porá en marcha, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencionable.



Concorren circunstancias singulares e razóns de interese público, social, económico e humanitario que xustifican o seu outorgamento en réxime de concesión directa, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Visto canto antecede, elevase a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO :

Aprobar as Bases Reguladoras e Convocatoria para a concesión de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da COVID-19 no ámbito do concello das Neves, co texto que se insire a continuación :

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS A SECTORES DA HOSTELERÍA, COMERCIO E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS ANTE OS EFECTOS ECONÓMICOS DA COVID-19

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto da presente convocatoria é paliar a grave situación social e económica á que se enfrontan os negocios con domicilio social e fiscal en As Neves e que resultaron afectados, total o parcialmente, na súa actividade pola declaración do estado de alarma polo COVID-19, dende marzo de 2020 ata estas datas, en concreto as actividades recollidas no anexo I das presentes bases, sempre que sexan pemes co ata 10 persoas empregadas ou que sexan traballadores/as autónomos/as, de conformidade coas bases do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2021.

Estas circunstancias excepcionais xustifican o interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia e xustifican a concesión en réxime de concesión directa.

O obxectivo é protexer o interese xeral d@s cidadáns de As Neves, prestando apoio inmediato ás persoas autónomas e empresas citadas para minimizar o inevitable dano económico causado pola crise sanitaria do COVID-19 na economía local e contribuír, unha vez finalizada a alarma sanitaria, a reactivación da economía do noso Concello.

SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE.

Esta convocatoria rexerese polo disposto nas presentes bases reguladoras e así mesmo, o marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no citado ámbito:



- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Demais disposicións aplicables e restantes normas de dereito administrativo, respectando en todo caso o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións do Concello das Neves .
- Bases de execución do vixente orzamento municipal.

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS E REQUISITOS.

Poderán resultar beneficiarias destas axudas as persoas físicas e as persoas xurídicas, así como as comunidades de bens ou sociedades civís, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

- Desenvolver unha actividade económica en situación de alta no Imposto de Actividades Económicas e encadrada nalgún dos epígrafes correspondentes ao IAE relacionados no Anexo I das presentes Bases.
- Estar dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal Tributaria no momento da presentación da solicitude.
- Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo/a) ou unha pequena empresa de ata 10 persoas empregadas.



- Ter, no exercicio 2019, unha facturación anual para os efectos do IVE inferior a un millón de euros.
- Cando a/o solicitante non levara de alta, no ano 2019, os 12 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo de xeito proporcional en función do período de actividade.
- Que a actividade económica se exerza no Concello de As Neves. Enténdese que a actividade se exerce no Concello de As Neves cando o seu domicilio social e fiscal estea situado no termo municipal.
- Que a actividade económica desenvolvida resultase afectada polo peche obrigatorio durante o ano 2020 e/ou 2021 debido as medidas restritivas de protección fronte o Covid-19.
- Tamén poderán beneficiarse aquelas persoas ou entidades cuxa actividade, non afectada polo peche de establecementos obrigatorio, sufrira unha redución de facturación superior ó 30%, con relación á media do ano 2019.

No caso de non poder realizarse a comparativa por tratarse dunha empresa creada no ano 2020, terase en conta o anterior trimestre do ano 2020, ou aquel de maior facturación ós efectos de acreditar este extremo.

No caso de ser unha empresa creada no ano 2021, a comparativa será entre o mes de maior e o de menor facturación do ano 2021.

- Non poderán obter a condición de beneficiarios/as/os autónomas/os que ademais traballen por conta allea, nin as persoas ou entidades nas que concorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras, como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria da que derivan, e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, exímese ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ou fronte da SS e á Administración Pública da CA e o Concello, no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que



figura no anexo II da presente convocatoria

En todo caso, as persoas que non se atopen ao corrente das súas obrigas no momento que se lles conceda a subvención comprométese a que unha vez aboada esta, e que en todo caso antes do 28 de febreiro de 2022 se porán ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello das Neves.

CUARTA.- PUBLICIDADE.

As bases reguladoras desta subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ó artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e así mesmo, no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>), así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Posteriormente, o extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, cuxa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de concesión das subvencións será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións (conforme ó artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada Lei).

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Con carácter xeral, considerase subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa ou autónomo/a, realizados e efectivamente pagados entre o 14 de marzo de 2020 e o 15 de outubro de 2021, a xustificar cos documentos indicados a continuación :

- Gastos de aluguer, recibo do pago de alugueiro do local no que se exerza a actividade económica, efectivamente pagado dentro do período subvencionable.

-Gastos de subministro de auga, electricidade, gas, saneamento e teléfono, correspondentes ao local onde se exerza a actividade, recibos efectivamente pagados dentro do período subvencionable.



- Gastos de seguros de responsabilidade civil e seguros de accidente vinculados co exercicio da actividade económica., pagados dentro do período subvencionable..
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade, xustificadas con facturas efectivamente pagadas dentro doe período subvencionable.
- Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea, excluídas as retencións. Neste caso debera presentarse as nóminas e o xustificante bancario de pago, asi como os recibos de liquidación de cotizacións (RLC) e a relación nominal de traballadores (RNT), e os xustificantes bancarios de pago (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados).
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade, recibos efectivamente pagados dentro do período subvencionable.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxaría, recibos efectivamente pagados dentro do período subvencionable.

As facturas deberan conter os seguintes datos:

- 1.- Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.- Numero de factura.
- 4.- Lugar e data da emisión da factura.
- 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
- 6.- Período que corresponda.
- 7.- Xustificante bancario que acredite o pago da factura.

So serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable a natureza da axuda e que ademais estean efectivamente pagados no momento da presentación da solicitude de subvención.

En virtude do artigo 29.8 da Lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Os gastos teñen nen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.



Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.
En ningún caso o importe a percibir superara o importe da xustificación acreditada.

SEXTA.- FINANCIAMENTO E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O importe destinado a esta convocatoria é de **27.456,18 euros**, dos que 11.197,31 corresponden á *cantidade* adicional destinada, ao abeiro da Liña 2 do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra, para o *financiamento das axudas destinadas aos sectores mais afectados pola* situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19; e 16.258,87 euros corresponden a cantidade asignada na Liña 1, e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 439.479 incluída no orzamento do Concello de As Neves do exercicio 2021, unha vez xerado o crédito correspondente á subvención da Deputación.

O procedemento de outorgamento desta subvención consistirá en dividir o importe do crédito global (27.456,18 euros), entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

Non se poderá conceder máis dunha subvención a cada solicitante, aínda que teña mais dunha actividade empresarial, profesional ou comercial.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total dos gastos xustificadas nesta convocatoria.

O aboamento das subvencións realizarase polo cen por cento do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará un certificado de titularidade no momento da solicitude.

O período subvencionable abarcará dende o 14 de marzo de 2020 ata o 15 de outubro de 2021. Polo tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 14 de marzo de 2020 ata o 15 de outubro de 2021.

SÉTIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, presentaranse preferentemente por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de As Neves (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>) conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este xeito será obrigatorio para aquelas solicitantes que non sexan persoas físicas.

1. O prazo para a presentación de solicitudes para participar no presente procedemento será de quince (15) días hábiles contados dende o día seguinte hábil ó da publicación do

extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A información para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria estará a disposición na web do Concello e na sede electrónica municipal (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>).

3. As solicitudes deberán formularse no modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións que constarán na convocatoria e que se poderán descargar na sede electrónica e na web do concello de As Neves (www.asneves.gal) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude, así como a falta de presentación da documentación esixida nestas bases, logo de requirimento de emenda da solicitude, sen que esta fora atendida no prazo concedido ó efecto.

4. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

A) Documentación Xeral:

- 1.- NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade.
- 2.- Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as ou á Mutua profesional correspondente actualizado.
- 3.- Certificación IAE
- 4.- Certificado de titularidade de conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxa persoa titular sexa a mesma solicitante.

B) Documentación específica:

1) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
- Libro rexistro de facturas emitidas dos períodos a comparar.
- Outros documentos acreditativos.

2) Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención.

C.- Declaración responsable: Declaración responsable (ANEXO II) que conterá os seguintes apartados:

- 1.- Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
- 2.- Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
- 3.- Que, dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16-bis, 26/01/2021) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que é titular ou que, aínda non estando a súa actividade obrigada ao peche, tivo unha baixada de facturación de alo-menos un 30 % comparando os datos de facturación do ano 2020 cos do 2019.
- 4.-Que a persoa ou entidade solicitante ten ata dez traballadores e a súa facturación foi inferior a un millón de euros.
- 5.- Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de As Neves.
- 6.- Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
- 7.- Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 2 meses dende a recepción desta subvención.
- 8.- Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
- 9.- Que está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á seguridade social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de As Neves ou, se fose o caso, se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento de ditas obrigas tributarias, unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases (en todo caso antes do 28 de febreiro de 2022).

OITAVA.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase conforme co establecido nos artigos 22.2 y 28 de la LXS.

O procedemento para a concesión desta axuda iniciarase, unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes. Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos na



presente norma reguladora da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fai, terase por desistido da súa solicitude.

Avaliadas as solicitudes, segundos criterios establecidos nestas bases de convocatoria os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída polas seguintes persoas:

Presidente: O Alcalde do Concello de As Neves.

Vogal:Portavoz ou un/unha concelleira a designar polo BNG.

Vogal:Portavoz ou un/unha concelleira a designar polo PSdG.

Vogal:Portavoz ou un/unha concelleira a designar polo Partido Popular.

Vogal:Portavoz do Grupo de Non Adscritos.

Vogal: Secretaria-Interventora do Concello das Neves

Realizará as funcións de Secretaria da Comisión de Valoración a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello.

Todas e cada unha das persoas que forman esta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada unha delas.

A Comisión de valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que reuniran os requisitos establecidos.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, e as denegadas co seu motivo.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente.

NOVENA.- RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno local resolverá o expediente de concesión das subvencións, de acordo coas presentes bases da convocatoria. A resolución de concesión indicará a relación de solicitantes ós que se concede a subvención, a súa contía individual, así como as denegadas co seu motivo.

A resolución ditarase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita pola persoa ou entidade que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 38/2003 xeral de subvencións e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



Conforme ó artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o acordo de concesión das subvencións será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O acordo de concesión das subvencións será igualmente notificado ós beneficiarios así como ós solicitantes ós que se tivera denegado a axuda.

DÉCIMA.- FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.

Xunto coa presentación da solicitude acompañarase a documentación xustificativa que, segundo o previsto nestas bases, se desexe que se valore. A xustificación será obrigatoria para libramento dos fondos por parte do Concello. Coa xustificación deberase notificar o importe do resto de fondos que financien os gastos subvencionados, así como a súa procedencia. No caso de obtención de subvencións ou axudas doutras Administracións ou organismos, achegarase copia das facturas xustificativas das mesmas que deberan corresponder co período subvencionado pola devandita administración.

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución definitiva de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Sen prexuízo do disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 Novembro, as subvencións xerais, son obrigacións dos beneficiarios:

- Cumprir todos os requisitos establecidos nestas bases.
- As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de dous meses desde a concesión da subvención.
- As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de dous meses dende a concesión da subvención.
- Non presentar mais dunha solicitude se se trata de persoa física que non forma parte da sociedade que solicita axuda nesta convocatoria.



- Declarar a obtención doutras axudas e que a suma delas non supera os gastos e que non supera a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.
- Comunicar inmediatamente as modificacións.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención durante 6 anos (artigo 30 do Código de Comercio).
- Consentir o tratamento dos datos e a súa publicación.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e a finalidade subvencionada.
- Dar publicidade do financiamento do Concello das Neves e da Deputación Provincial mediante a instalación do cartel que se recolle no Anexo III.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poderá facer o Concello ou outros órganos de control competentes.
- Subministrar a información e a documentación que lle solicite o Concello.
- Someterse ao control financeiro polo Concello ou a Deputación.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais. *En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.*

DÉCIMO TERCEIRA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

Procederá a revogación das subvencións reguladas nas presentes bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, de acordo co disposto no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Título III do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN E CONTROL FINANCIERO.

As actuacións subvencionadas estarán suxeitas á verificación e control financeiro en



calquera fase da súa execución por parte do Concello. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar e aportar canta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.

O control financeiro terá como obxectivo verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

DÉCIMO QUINTA.- RECURSOS E IMPUGNACIÓNS.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe a interposición de recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

RESPONSABLE: O Concello de As Neves é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes

FINALIDADE: *A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución e resolución do procedemento para a concesión de axudas ao sector do comercio local afectado polo COVID 19.*

DESTINATARIOS: *Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento



expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro–Concello de As Neves –. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo concello@asneves.gal

DÉCIMO SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

En todo caso, estarase ó disposto con carácter xeral no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN FINAL.

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras. Nos asuntos non previstos nestas bases rexerá o disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e servizos, (PLAN CONCELLOS) 2021, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, así como o disposto na Base 54 das Bases de Execución do Orzamento para 2021.

O ALCALDE PRESIDENTE

Documento asinado electrónicamente



ANEXO I.- EPÍGRAFES SUBVENCIONABLES

- 612.5.- Comercio por xunto de leite, produtos lácteos, mel, aceites e graxas comestibles
- 645.- Comercio polo miúdo de viños e bebidas.
- 612.7.- Comercio por xunto de viños e vinagres do país.
- 651.2.- Comercio polo miúdo de roupa e tocado
- 652.3.- Comercio produtos de perfumería e cosmética
- 653.1 .- Comercio menor de mobles (agás oficina)
- 659.4 .- Comercio polo miúdo de libros, periódicos, artigos de papelería
- 659.7.- Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas
- 671. 5.- Restaurantes dun garfo
- 672. 3.- Cafeterías dunha taza
- 673. 2.- Outros Cafés e Bares
- 674.5.- Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos
- 681.- Hospedaxe en Hoteis e Moteis.
- 685.- Aloxamentos Turísticos extra-hoteleiros.
- 691.2.- Reparación de automóbiles e bicicletas
- 721.2.- TTE. Por Autotaxis
- 826.- Persoal docente ensinanzas diversas
- 972.2.- Salóns e institutos de beleza
- 972.3.- Servizo de salón de peiteado de señora e cabaleiro
- 973.1.- Servizos fotográficos
- 982.4.- Outras atraccións, comercio polo miúdo e servizos de restauración propios de feiras e verbenas, fóra de establecemento permanente



ANEXO II

SOLICITUDE DE AXUDAS DIRIXIDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE AS NEVES.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico ou teléfono facilitado a seguir	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO MÓVIL

(Datos bancarios)

DATOS BANCARIOS							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2.- Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

3.- Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.

4.- Que, dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16-bis, 26/01/2021) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que é titular ou que, aínda non estando a súa actividade obrigada ao peche, tivo unha baixada de facturación de alo-menos un 30 % comparando os datos de facturación do ano 2020 cos do 2019.

5.-Que a persoa ou entidade solicitante ten ata dez traballadores e a súa facturación foi inferior a un millón de euros.

5.- Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de As Neves.

6.- Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

7.- Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 2 meses dende a recepción desta subvención.

8.- Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

9.- Que está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á seguridade social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de As Neves, ou se fose o caso , se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento de ditas obrigas tributarias, unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases (en todo caso antes do 28 de febreiro de 2022).





DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación censal actualizado
- Certificado de titularidade de conta bancaria
- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020
- Modelo 130 dos cuartos trimestres dos anos 2019 e 2020
- Libro rexistro de facturas emitidas dos períodos a comparar
- Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe superior á cantidade solicitada de subvención
- Outros documentos acreditativos:

Información básica de protección de datos persoais: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación,

supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro–Concello de As Neves–. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo concello@asneves.gal

(Cadro de sinatura)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE]

Lugar e data

As Neves	,	de		de	
----------	---	----	--	----	--



ANEXO III

Modelo de cartel



ESTE ESTABLECEMENTO É BENEFICIARIO DAS AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DAS NEVES, FINANCIADAS CO PLAN CONCELLOS 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

Tamaño (DIN A4)

